

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO – BAIÓN
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA -INGLÉS-
DEPARTAMENTO:
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes , os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes , os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)
B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.3. Amona unha actitude de escoita atenta.
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.5. Amona interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e cancións, rimas) aprendidos a través de xogos
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e contén co apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio

textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.	PLB3.6. Aмосa interese por informarse e aprender a través dos textos escritos.
B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades	PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios

individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	ilustrados e dramatizacións etc.
B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño , cantidade, posesión,número calidades físicas , forma, cor, tempo atmosférico.	PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativa.
B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.
B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.	PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intercambios orais cos alumnos/as. - Observación sistemática. - Análise das producións dos alumnos/as. - Probas específicas
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asamblea. - Entrevista. - Posta en común. - Producións orais. - Probas escritas/ orais. - Resolución de exercicios. - Diario de clase. - Investigacións. - Caderno de clase. - Xogos e dramatizacións.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. - 2ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. - 3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do terceiro trimestre consisten nun repaso do vocabulario e estruturas fundamentais que traballamos nas distintas Unidades Didácticas durante o primeiro e o segundo trimestre. Ditas actividades están enfocadas no reforzo das catro habilidades que son necesarias para comunicarnos de forma clara e completa nun idioma (escoitar, falar, ler e escribir)</p> <p>Cada Luns, propoño actividades da Unidade Didáctica que esteamos a repasar nese momento para que o alumnado realice de forma semanal.</p> <p>As actividades son dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cancións ou distintos tipos de vídeos para repasar vocabulario e estruturas e reforzar especialmente a expresión oral. - Vídeos interactivos para repasar vocabulario e estruturas e reforzar especialmente a comprensión oral e escrita. - Xogos de distintas páxinas webs para repasar vocabulario e estruturas e reforzar a comprensión e a expresión escrita. - Fichas descargables ou interactivas para repasar vocabulario e estruturas e que continúen reforzando especialmente a comprensión e a expresión escrita. - Poderase propoñer, se fose necesario, actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que precise afianzar os contidos máis básicos así como actividades de ampliación dirixidas ao alumnado máis avantaxado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será activa, participativa e inclusiva partindo dos seus coñecementos previos e potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos materiais: actividades descargables, actividades deseñadas pola mestra. - Recursos dixitais: páxinas webs, vídeos de Youtube, fichas interactivas

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Procedemento principal: <ul style="list-style-type: none"> - Comunidade Educativa virtual: Agueiro ▪ Outros: <ul style="list-style-type: none"> - Abalar Móbil. - Email. - Teléfono móbil en casos excepcionais.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web do centro.